



Concurso público de proxectos co fin de seleccionar a mellor proposta que sirva de base para a contratación dos servizos correspondentes á redacción do Proxecto Técnico -Básico e de Execución- e á Dirección de obra para a reurbanización de cinco espazos públicos urbanos sitios nos barrios Inferniño e Ultramar do Concello de Ferrol.

En concreto, os espazos aos que estará destinada a contratación son os seguintes:

- A. Conformado por dous puntos de cruzamento e os extremos das rúas que conflúen, Río Mera, Río Xubia, Río Eume, Castelo de Andrade e Mosteiro de Caaveiro, e cunha superficie aproximada de 3.150 m<sup>2</sup>.
- B. O cruzamento e os extremos das rúas que conflúen, Fontaiñas, Pintor Bello Piñeiro e Río Miño, e de aproximadamente 2.360 m<sup>2</sup>.
- C. O tramo da rúa Pintor Bello Piñeiro diante da igrexa do Rosario xunto aos extremos das rúas Río Lárez e Río Castro, e cunha superficie aproximada de 700 m<sup>2</sup>.
- D. O tramo con máis sección da rúa Castro e un tramo da rúa paralela, Fontemoura, unidos pola rúa Illa Herbosa, conformando un espazo en forma de H, e cunha superficie aproximada de 1.825 m<sup>2</sup>.
- E. O cruzamento entre as rúas Villa Soledad, Uruguay e Sartaña, actualmente unha glorieta, e cunha superficie aproximada de 2.220 m<sup>2</sup>.

**As propostas realizaranse sobre o primeiro o espazo A.** Conformado por dous puntos de cruzamento e os extremos das rúas que conflúen, Río Mera, Río Xubia, Río Eume, Castelo de Andrade e Mosteiro de Caaveiro, e cunha superficie aproximada de 3.150 m<sup>2</sup>. De tal maneira que a documentación se presentará respecto a ese espazo.

## TIPO DE CONCURSO E ÓRGANO CONVOCANTE

É un concurso aberto, anónimo, que se encadra como de proxectos con intervención de xurado, regulado no artigo 168 e ss. da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

Convoca o presente concurso a Concellería de Equipamento, Vivenda, Obras e Rehabilitación do Concello de Ferrol.

## DESTINATARIOS DO CONCURSO

De acordo co establecido nos artigos 170 e 172.2 da LCSP, poderán participar no concurso os Arquitectos, españois ou non que se achen facultados legalmente para exercer a profesión no territorio español, e que non se atopen incurso en ningunha causa de incompatibilidade para a redacción deste Proxecto nin para contratar coas Administracións Públicas.

Poderán participar individualmente, asociados en UTE, ou formando equipos multidisciplinares, neste último suposto baixo calquera forma societaria de carácter civil ou mercantil, debendo ser o director do equipo ou o encargado de dirixir os traballos un Arquitecto.

Igualmente poderán participar persoas xurídicas os fins sociais das cales correspondan co obxecto do concurso, sempre e cando o director do equipo ou o encargado de dirixir os traballos sexa un Arquitecto.

En calquera caso, será preciso ter plena capacidade de obrar e adecuación da súa actividade ou finalidade ao obxecto do contrato (artigo 46 da LCSP), acreditar debidamente a súa solvencia económica, financeira e técnica a través dos medios de xustificación recollidos nos artigos 63 e seguintes da LCSP, e que non se atopa comprendida en calquera das prohibicións para contratar coa Administración, sinaladas no artigo 49 da LCSP.

Só se poderá presentar unha proposta por persoa, non admitindo que unha mesma persoa participe en varios equipos, individualmente e mediante unha empresa, segundo o establecido no artigo 129.3 da LCSP.

Non poderán participar neste concurso os membros do xurado, os seus asociados, os seus familiares con parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do segundo grao, nin o persoal ao

servizo do Concello. Tampouco poderán participar quen estea incurso en algún dos supostos da Lei 12/1995, do 11 de maio, sobre incompatibilidades de Altos Cargos, da Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre as incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, ou do artigo 49 da LCSP.

Esta circunstancia deberá acreditarse, mediante declaración responsable, como paso previo á percepción do premio.

Ningún participante poderá establecer ningún tipo de relación profesional cos membros do xurado durante o período do concurso.

## PREMIOS

Establécense os seguintes premios, máis IVE:

- Un primeiro premio de catro mil euros (4.000 €)
- Un segundo premio de dous mil euros (2.000 €)
- Un terceiro premio de mil euros (1.000 €)

Ademais, o gañador do primeiro premio optará, mediante o procedemento negociado, ao contrato de asistencia para a elaboración dos proxectos básico e de execución, baseados na súa proposta, e a dirección de obra para a reurbanización dos cinco espazos referidos baixo as letras A á E da Cláusula 1 do Prego.

## DESENVOLVEMENTO DO CONCURSO E PRAZOS

O concurso desenvolverase de acordo coas seguintes fases e calendario:

- A convocatoria do concurso terá como data o 26 de setembro
- As consultas realizaranse ata o 13 de outubro en [concursos@coag.es](mailto:concursos@coag.es)
- O prazo de presentación de propostas será ata o 4 de novembro ás 14:00 horas.
- Antes do 31 de decembro terá lugar a reunión do xurado e o fallo do concurso.

## RETIRADA DE BASES E DOCUMENTACIÓN.

A partir do día seguinte ao da publicación do correspondente anuncio no DOG, poderán ser retiradas as bases:

- Na Concelleira de Equipamento, Vivenda, Obras e Rehabilitación do Concello de Ferrol, sita na Praza de Armas s/n, 15402 - Ferrol.
- Na páxina web do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia: [www.coag.es](http://www.coag.es).

Calquera consulta que se necesite facer por parte dos concursantes poderá realizarse a través de correo electrónico [concursos@coag.es](mailto:concursos@coag.es), as respostas iranse publicando na páxina do concurso periodicamente.

Máis información en [www.coag.es](http://www.coag.es)

---

## CONCURSO DE IDEAS PARA EL EDIFICIO DE NUEVA PLANTA QUE ALBERGARA LOS SERVICIOS DE JUVENTUD DEL AYUNTAMIENTO DE BURGOS (CONSULADO JOVEN)

---

La Concejalía de Juventud del Ayuntamiento de Burgos, en colaboración con la Demarcación de Burgos del CO-ACYLE, ha organizado un concurso de ideas para la construcción de un edificio de nueva planta, en La Llana de Afuera, que albergará los servicios de Juventud (Consulado Joven) de la mencionada Institución.

El concurso está abierto a la participación de todos los Arquitectos que estén colegiados en cualquier Colegio Oficial de Arquitectos de España.

## INFORMACIÓN Y DOCUMENTACIÓN

La documentación necesaria, (Pliego e información gráfica y urbanística) para la elaboración de las propuestas podrá encontrarse y ser descargada en formato PDF en: [www.coaburgos.com](http://www.coaburgos.com) o en [www.aytoburgos.es/contenidos/cpcontent.asp?contentid=55703&nodeid=59485.es](http://www.aytoburgos.es/contenidos/cpcontent.asp?contentid=55703&nodeid=59485.es)

Además la Concejalía de juventud del Ayuntamiento de Burgos: Plaza Mayor s/n 09071 – Burgos [juventud@ayto-burgos.es](mailto:juventud@ayto-burgos.es) expedirá copias escritas o/y discos compactos con la documentación completa a los concursantes inscritos que lo solicitaran mediante correo ordinario o electrónico, y se identifique con el Lema elegido en la inscripción.

\*AVISO: La documentación gráfica se encuentra en el documento titulado “Informe lcomos”.

***El Concurso está pendiente de su próxima publicación en el BOE.***